

MANUAL DE USO DE IMAXE CORPORATIVA

1. OBXECTO	3
2. ÁMBITO DE APLICACIÓN	3
3. DOCUMENTOS DE REFERENCIA	3
4. DESENVOLVEMENTO	3
4.A. Utilización do logotipo de Refuxios do Río Mandeo	3
4.B. Usos do logotipo de Refuxios do Río Mandeo	5
4.C. Forma, dimensións e cor do logotipo de Refuxios do Río Mandeo	6

1. OBXECTO

O presente documento ten como obxecto establecer as disposicións que regulen o uso do logotipo da marca de garantía *Refuxios do Río Mandeo* e a súa aplicación para a identificación dos establecementos que ostentan a dita marca, así como o uso que del poden facer as organizacións autorizadas ao uso da marca.

2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

O presente documento é aplicable a todas as empresas de aloxamento-restauración amparadas pola marca de garantía *Refuxios do Río Mandeo*, no que se refire a:

- Emprego do logotipo *Refuxios do Río Mandeo*
- Publicidade referida á autorización do uso da marca

3. DOCUMENTOS DE REFERENCIA

- Documento “Deseño do nome e imaxe corporativa”

4. DESENVOLVEMENTO

4.A. Utilización do logotipo de *Refuxios do Río Mandeo*

4.A.1. Debe aparecer sempre asociado ao nome comercial do establecemento que ostenta a marca de garantía *Refuxios do Río Mandeo*. O logotipo de *Refuxios do Río Mandeo*, na súa condición de marca secundaria, non pode ser utilizado de tal forma que induza a erro sobre a verdadeira marca comercial do establecemento afectado. Esta non será de tamaño maior nin estará situada nun lugar máis preponderante que a marca comercial á que se aplica a marca de garantía.

4.A.2. En **material de papelería** (papel de cartas, facturas, saúdas etc.) poderase usar a marca de garantía *Refuxios do Río Mandeo*, incluso se todas as actividades da empresa non están amparadas pola marca de garantía, coas seguintes limitacións:

4.A.2.1. No caso de que só *unha pequena parte das actividades* da empresa estean amparadas pola marca de garantía, ou se só o están algunhas

localizacións, sedes ou departamentos da empresa, a Excm. Deputación Provincial da Coruña poderá restrinxilo.

4.A.2.2. No caso de *ofertas*, se todas as actividades ofertadas non caen dentro do alcance da marca de garantía deberase indicar, mediante unha marca, lenda ou calquera outro medio, qué actividades están amparadas pola marca.

4.A.2.3. No caso de *catálogos*, se todas as actividades non están amparadas pola marca de garantía *Refluxos do Río Mandeo*, deberase facer clara distinción entre unhas e outras.

4.A.3. En **publicidade** de calquera índole (anuncios de prensa e TV; material promocional tal como calendarios, axendas etc.; anuncios en vallas publicitarias, autobuses; en vehículos da empresa etc.) seguiranse as seguintes regras:

4.A.3.1. Cumprirase en todos os casos as disposicións do apartado 4.A.1.

4.A.3.2. Non se deberá utilizar a marca de garantía *Refluxos do Río Mandeo* en anuncios non asociados aos servizos dos establecementos amparados pola marca.

4.A.3.3. Só se deberá utilizar a marca de garantía *Refluxos do Río Mandeo* asociada ao alcance (servizos e empresas que os realicen). Isto implica que as empresas que non dispoñan de todos os seus servizos amparados pola marca de garantía *Refluxos do Río Mandeo* non poderán facer uso dela a non ser que aclare este feito no propio anuncio ou que anuncien só os servizos amparados pola marca de garantía.

4.A.4. Sobre os **servizos** utilizarase como elemento secundario á marca comercial ou denominación de venda do servizo amparado pola marca de garantía *Galicia Calidade*, non podendo dar lugar a erro ou confusión respecto á natureza de marca accesoria de

Refuxios do Río Mandeo. Non se poderán engadir lendas ou distincións á marca de garantía que pretendan facer diferenciacións entre os distintos usuarios da marca. Quedarán expresamente prohibidas expresións do tipo: “A primeira empresa en ostentar a marca de garantía...” “Os únicos en...” ou calquera outra expresión que pretenda diferenciar a natureza da autorización de uso da marca de garantía *Refuxios do Río Mandeo*.

4.A.5. Para as **embalaxes**, a marca de garantía *Refuxios do Río Mandeo* poderá utilizarse atendendo ás regras expresadas anteriormente.

4.A.6. As empresas con servizos amparados pola marca de garantía *Refuxios do Río Mandeo* poderán facer referencia á súa condición de autorizadas da marca usando a frase “(empresa) dispón de (servizos) amparados pola marca de garantía *Refuxios do Río Mandeo*”, ou similar en contido, en lugar de facer uso do logotipo de *Refuxios do Río Mandeo*. Esta frase poderá usarse nos casos anteriores, coas mesmas restricións que o logotipo da marca de garantía.

4.A.7. A Excm. Deputación Provincial da Coruña, na súa actividade de promoción da marca de garantía *Refuxios do Río Mandeo*, poderá utilizar o logotipo da marca na forma que crea máis conveniente. Así mesmo poderá permitir o seu uso en actos promocionais, sen que en ningún caso signifique que o evento promovido estea amparado pola marca de garantía *Refuxios do Río Mandeo*.

4.B. Usos do logotipo de *Refuxios do Río Mandeo*

A continuación establécense exemplos de aplicacións do logotipo *Refuxios do Río Mandeo*:

- Placa xunto co nome do identificación do establecemento turístico
- Material de papelería (papel de carta, sobres, carpetas, tarxetas de visita, tarxetón, facturas, saúdas, información existente nas habitacións -instrucións, tarifas, directorio de servizos,...-)
- Publicidade (anuncios de prensa e TV, anuncios en vallas publicitarias, autobuses, vehículos de empresa,...)

- Material promocional (calendarios, axendas, cadernos de notas, dípticos, páxina web, carteis informativos, bolígrafos, cerillas, mecheiros, caramelos, sombrillas, cincheiros,...)
- Identificacións das diferentes instalacións do establecemento
- Uniformes e identificacións do persoal (uniformes, placas de identificación, mandís, batas,...)
- Elementos de uso do establecemento: vaixela, cubertería, cristalería, lenzaría (sábanas, mantas, toallas,...), mantelería (manteis, camiños, cubremanteis, panos,...)
- Soportes de venda (cartas de entrega individual, menús, losa, soporte central de mesa,...)

4.C. Forma, dimensións e cor do logotipo de *Refuxios do Río Mandeo*

4.C.1. No documento “Deseño do nome e imaxe corporativa” móstrase a **forma** do logotipo de *Refuxios do Río Mandeo* tal e como aparece oficialmente rexistrado. É responsabilidade da empresa autorizada asegurarse de que as reproducións que realice do logotipo correspondan cos modelos do documento “Deseño do nome e imaxe corporativa”, agás as autorizacións expresas para a adecuación do logotipo aos casos particulares.

4.C.2. As dimensións do logotipo nas distintas versións pódense ampliar ou reducir, sempre que se conserven as proporcións orixinais, para adaptalo ás necesidades do usuario, dentro dos límites indicados no presente documento.

4.C.3. As cores do logotipo serán respectadas cando sexa posible, podendo utilizar versións monocromáticas ou reducir as tinturas empregadas, cando o obriguen razóns técnicas, estéticas ou económicas de aplicación ó produto. Nestes casos a empresa usuaria da marca de garantía *Refuxios do Río Mandeo*, deberá solicitar a aprobación do logotipo empregado á Excm. Deputación Provincial da Coruña.

4.C.4. Todas as aplicacións que non estean contempladas no presente documento deberanse solicitar por escrito á Excm. Deputación Provincial da Coruña, para a súa

preceptiva aprobación, anexando a información necesaria (probas, maquetas etc.) para o seu estudo.